

SOLICITUDE DE REUNIÓN CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL

Á atención de: D. José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural

Por parte da: Plataforma Stop Velutina

A praga do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*), que está afectando varios países europeos e en España todo o norte peninsular, debería ser tratada de forma transversal implicando todo o aparato administrativo a nivel autonómico, estatal e europeo. No caso de Galicia, rexión onde está afectando con especial dureza debido ás condicións climáticas e territoriais, pensamos que a xestión deste problema debería pasar a través da Presidencia da Xunta de Galicia, pois afecta toda a sociedade galega, pon en perigo a saúde pública, é unha ameaza para o medio ambiente e prexudica directamente o sector primario.

Non obstante, debido ás particularidades de cada sector, dirixímonos nesta ocasión á Consellería do Medio Rural cunha proposta concreta para apoiar os sectores directamente afectados, como é o caso do apícola. Neste senso, as organizacións apícolas pertencentes á Plataforma Stop Velutina demandan á Administración galega axudas para cubrir os gastos derivados de protexer as colmeas coa instalación de trampas eléctricas, única medida que demostrou ata o momento resultados positivos, tal como sinalan estudos realizados dende a Universidade de Vigo e financiados pola propia Xunta de Galicia. Pero o seu uso xeneralizado require dun gran investimento, gasto que está a ser asumido directamente por cada apicultor e apicultora de xeito individual, o cal supón un custo moi elevado que repercutirá nunha diminución da rendibilidade da explotación e poñerá en perigo a súa sustentabilidade. O ataque do tártago de patas amarelas (*Vespa velutina*) nas colmeas supón un debilitamento xeral da saúde do enxame, podendo provocar unha elevada mortalidade directa ou indirectamente, pois cun estado tan vulnerable quedan expostas a outras enfermidades, o cal repercute na redución na produción de mel e doutros produtos da colmea. Para unha explotación apícola afectada isto implica unha importante diminución nos ingresos, ó que lle hai que sumar o gasto na reposición das baixas e o investimento na adquisición de ferramentas para a protección das colmeas, como a arpa eléctrica, que actualmente se atopa a un prezo de mercado elevado.

Hai que ter en conta que as abellas non son só unha gandaría produtiva, da que se benefician tanto produtores como consumidores, senón que esta especie é clave para o mantemento da biodiversidade a través da súa función polinizadora. Polo tanto, o seu coidado e protección non debe recaer exclusivamente nos apicultores e apicultoras, pois as abellas aportan un beneficio xeral ó medio ambiente e, xa que logo, tamén a toda a sociedade.

Debido á urxencia na busca de solucións sobre esta problemática, que provoca cada vez máis danos e continúa avanzando, a convocatoria destas axudas teríase que preparar de forma urxente para incluír nos orzamentos xerais do ano 2019 e poñer en práctica de cara á próxima campaña no verán do ano que vén.

Dende as entidades integrantes da Plataforma Stop Velutina solicitamos á Consellería do Medio Rural:

- A convocatoria para o 2019 dunha liña de axudas ó sector apícola para financiar sistemas de protección das colmeas, como, por exemplo, as arpas eléctricas, que na actualidade amosan bos resultados, e realizar esta convocatoria en colaboración co sector apícola, acordando os contidos, as condicións e o orzamento necesario.
- Mellorar a xestión da retirada de niños, do que hai moitas deficiencias en función do persoal encargado en cada concello.
- Asegurar a continuación das axudas para o trampeo preventivo.

Reunión coa Plataforma Stop Velutina

Con motivo de tratar esta proposta, solicitamos unha reunión urxente co señor Conselleiro de Medio Ambiente, na que asistan por parte da Plataforma Stop Velutina representantes das distintas asociacións apícolas integradas nela.

En Santiago de Compostela, o 31 de outubro de 2018

Asdo.: Xosé Torres Romar
Presidente da Asociación Galega de Apicultura
En representación da Plataforma Stop Velutina

Máis información e contacto:

Plataforma Stop Velutina - Galicia
Tel. 981 589 534 / 630 069 635
Email: stopvelutinagalicia@gmail.com

